



A CIG INFORMA

No pleno ordinario do Comité provincial celebrado hoxe a CIG presentou unha proposta de valoración da pasada FOLGA XERAL baseada en catro puntos:

1. Saudar ao cadro de persoal de Pontevedra pola súa alta participación e felicitalo polo nivel de mobilización amosado.
2. Acusamos recibo da reivindicación feita polos/as traballadores/as da necesidade das asembleas de centro como instrumento imprescindible da acción sindical.
3. Rexeitar o chamamento do goberno a retomar o "diálogo social"; durante anos constatouse que ese mecanismo non ten servido para nada, alén de xerar falsas expectativas e de desmobilizar aos/ás traballadores/as.

Chamar ao cadro de persoal a permanecer alerta diante de novos ataques aos nosos dereitos, e a seguir reivindicando un **NOVO MODELO ECONÓMICO E SOCIAL**.

Lamentamos a actitude dictatorial do sindicalismo maioritario do Comité (CCOO-UGT), conculcando o dereito a someter a votación o contido da nosa proposta, impedindo deste xeito unha valoración unitaria do Comité.

Denunciamos no pleno o ninguneo que a Empresa fai do Comité e a deixación de funcións do seu presidente e secretario, en asuntos tan graves como incumprimento de descansos mínimos entre xornadas, supresión de gardas e modificación de quendas, efectuadas arbitrariamente pola Empresa incumprindo a Normativa.

Estas medidas de "flexibilidade" SON CONSECUENCIA E, AO MESMO TEMPO, UN MECANISMO PARA A REDUCCIÓN DE ACTIVIDADE E EMPREGO NA PROVINCIA. En definitiva,

implican A LIQUIDACIÓN DO DEREITO AO EMPREGO NA LOCALIDADE. E, como proba disto, aportamos os seguintes datos da redución do plantel nesta provincia:

Marzo de 2007:	674
Setembro de 2008:	497
Mai de 2009:	490
Setembro 2010:	479

Para enfrontar esta situación, ASUNTO ESENCIAL PARA MANTER O EMPREGO NA PROVINCIA, propuxemos debater o asunto nas unidades afectadas, o que foi rexeitado por CC.OO e UGT.

Para rematar, propuxemos LEVAR O DEBATE DA PRÓRROGA DO CONVENIO AOS TRABALLADORES, con resultado inútil na práctica polo posicionamento en contra – de novo- de CC.OO. e UGT.

A CIG rexeita a prórroga do Convenio porque LEXITIMA O INSTRUMENTO DA NEGOCIACIÓN PERMANENTE para acordar asuntos “vitais” na relación laboral: a clasificación profesional, as táboas salariais, a ordenación do tempo de traballo e a duración da vida laboral NON DEBE ACORDARSE ÁS COSTAS DO CADRO DE PERSOAL.

Recibide un saúdo da Sección Sindical CIG-Telefónica en Pontevedra.

EN DEFENSA DO EMPREGO E DA ACTIVIDADE NA PROVINCIA E CONTRA A NEGOCIACIÓN PERMANENTE: MOBILIZACIÓN PERMANENTE!!!

En Vigo, a 8 de outubro de 2010.